

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 11 DE XULLO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se dispón do cese como delegado territorial da Xunta en Vigo de Ignacio López-Chaves Castro.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta en Vigo a Corina Porro Martínez.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 166/1999, do 27 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Invernadoiro e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural O Invernadoiro.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 77/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais da Serra da Enciña da Lastra e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto construción dun Itinerario peonil e ciclista na OU-537, treito: parques empresariais. (p.q. 0+000- 2+030), e na OU-536, treito: A Derrasa (p.q. 7+180- 7+940)", de clave: OU/16/269.06, nos concellos do Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se nomea director xeral de Orientación e Promoción Laboral a Pablo Casal Espido.

- Decreto polo que se nomea presidente da Comisión Galega da Competencia a Ignacio López-Chaves Castro.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón do cese como presidente de Portos de Galicia de José Juan Durán.
- Decreto polo que se nomea como presidenta de Portos de Galicia a Susana Lenguas Gil.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe máximo de dous millóns trescentos vinte e cinco mil euros (2.325.000 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a intervención e asunción temporal por Augas de Galicia da xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais do Grove, en substitución do Concello do Grove e con repercusión na dita entidade local dos custos asumidos por esta entidade pública durante a vixencia da intervención.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación (Gain) e a Fundación Pedro Barrié de La Maza-Conde de Fenosa (Fundación Barrié), para a colaboración no impulso da transferencia de tecnoloxía no sistema de I+D+i de Galicia, por importe dun millón cento vinte e dous mil douscentos quince euros (1.122.215 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a University of Wales, Bangor (Reino Unido) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e dous mil cento noventa e nove euros con vinte céntimos (62.199,20 €).



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Extremadura (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de seis mil euros (6.000€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Sveučilište u Zadru (Croacia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Palas de Rei para a apertura e visitas públicas ao Castelo de Pambre, por importe total de oitenta mil euros (80.000,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan galego de hospitalización a domicilio: estratexia Hado 2019-2023.
- Acordo polo que se autoriza a subministración sucesiva de material de incontinencia urinaria con destino os centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde e residencias sociosanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe total de trece millóns cento noventa e cinco mil oitenta e catro euros con setenta e catro céntimos (13.195.084,74 €) e un valor estimado de vinte e oito millóns setecentos oitenta e nove mil douscentos setenta e cinco euros con setenta céntimos (28.789.275,70 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación suxeita á regulación harmonizada para o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia (SGAMP), procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente 43/2019). Importe de licitación: sete millóns cento oitenta e oito mil trescentos cincuenta e tres euros con vinte e tres céntimos (7.188.353,23 €). Valor estimado: vinte millóns seiscentos noventa e oito mil trescentos catorce euros con sesenta e catro céntimos (20.698.314,64 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019, 2020, 2021 e 2022. Total: un millón cento trinta e un mil cincocentos euros (1.131.500 €).



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A CORINA PORRO COMO DELEGADA TERRITORIAL EN VIGO

- ***Comezou a súa traxectoria na política local viguesa, como concelleira de Benestar Social, Sanidade e Consumo no ano 1995***

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a María Corina Porro Martínez como nova delegada territorial da Xunta en Vigo, en substitución de Ignacio López- Chaves.

Corina Porro é diplomada en Enfermería pola Universidade de Santiago de Compostela. Comezou a súa traxectoria na política local viguesa, como concelleira de Benestar Social, Sanidade e Consumo no ano 1995, onde foi concelleira ata o ano 1999, cando foi nomeada directora xeral de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, cargo no que estivo ata o ano 2001, no que pasou a ser Deputada no Parlamento de Galicia.

Foi conselleira de Asuntos Sociais durante os anos 2002 e 2003. En decembro do ano 2003 tomou posesión como alcaldesa de Vigo. Permaneceu no cargo ata o ano 2007. Foi tamén deputada no Congreso dos Deputados e vicepresidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, así como senadora pola provincia de Pontevedra en dúas lexislaturas, presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo e ata hai pouco Presidenta do Consello Económico e Social de Galicia.

APROBADA A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA LEI DO SOLO QUE REFORZARÁ O SOLO RÚSTICO COMO PRODUTIVO E ÚTIL, POTENCIANDO AS SÚAS ACTIVIDADES E FACILITANDO A REHABILITACIÓN E O USO DAS CONSTRUCIÓN EXISTENTES

- ***O Consello da Xunta de Galicia da o visto e praxe á modificación do regulamento da Lei do solo para acadar unha norma máis clara, que siga a contribuír e garantir a protección territorial e o desenvolvemento urbanístico sustentable***
- ***Esta modificación segue apostando pola defensa e o respecto do solo rústico, sen perder de vista a súa dimensión como solo produtivo, co fin de mellorar as condicións de vida e de traballo do sector agrogandeiro, de importancia vital para o mantemento dun medio rural vivo e con futuro***
- ***Perséguese tamén acadar unha maior simplificación administrativa e o interese pola consecución dos principios de axilidade e eficacia nesta materia, sen que isto supoña unha mingua do respecto aos valores naturais e á riqueza do noso territorio***

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou a modificación do regulamento da Lei do solo para dar resposta ás necesidades detectadas na súa aplicación práctica ao longo deste meses, derivadas da propia complexidade da materia e, en moitos casos, por instancia dos concellos, para evitar dúbidas na súa interpretación.

O obxectivo é enmendar aspectos que se detectaron durante a súa vixencia e que puxeron de manifesto a necesidade de concretar e matizar aquelas cuestións que non resultan suficientemente claras, para evitar dúbidas na súa interpretación, o que contribuirá a garantir a seguridade xurídica, facilitando así a súa aplicación. Asemade, como consecuencia das modificacións realizadas na Lei do solo, é necesario trasladar as ditas innovacións lexislativas ao regulamento, coa finalidade de que siga a contribuír e garantir a protección territorial e o desenvolvemento urbanístico sustentable, apostando pola defensa e o respecto do solo rústico.

A recuperación do patrimonio construído é unha das eivas do Goberno galego, polo que hai unha firme aposta pola rehabilitación das construcións tradicionais existentes cunha dobre finalidade: evitar a dispersión edificatoria e o feísmo, así como acadar una dotación eficiente de servizos no territorio; e recuperar e poñer en valor a riqueza de patrimonio construído no rural, evitando a súa perda ou, o que é o mesmo, unha parte importante da historia e da memoria, é dicir, da identidade e da esencia como país.

Así, facilítase a reconstrución, rehabilitación e ampliación das edificacións tradicionais existentes en solo de núcleo rural ou de solo rústico, nas cales pode desenvolverse máis dun uso na mesma edificación; o único límite exixido, o da altura de 7 metros, enténdese que é para as obras de ampliación, pero non para a edificación existente, que poderá ampliarse aínda que exceda tal altura.

Unha boa parte das modificacións do regulamento concéntranse no réxime de usos no solo rústico, co fin de realizar un recoñecemento decidido do solo rústico como solo produtivo, potenciando os usos económicos, sen entrar en controversia coa preservación dos valores naturais e culturais.

Así, faise unha aposta decidida por revitalizar o rural e mellorar a calidade de vida e de traballo dos agricultores e gandeiros, para seguir tendo un sector agroalimentario forte, creador de emprego e riqueza.

A pesar de que o uso residencial no solo rústico é un uso prohibido con carácter xeral, esta modificación completa a regulación do suposto excepcional de vivendas vinculadas ás explotacións agropecuarias. Neste sentido, permítense as vivendas para temporeiros cando o ciclo dos produtos exixa, periodicamente, o traballo coordinado de persoas que a oferta laboral local non pode atender. Unha vez fóra da tempada, poderán destinarse a outros usos admitidos en solo rústico. Tamén se admitirán vivendas para persoas que exerzan funcións de vixilancia, asistencia, xestión ou control derivadas ou exixidas polas características da explotación. E, por razóns xustificadas (dimensión e características da explotación), poderá autorizarse unha nova construción destinada á vivenda, aínda que xa exista xa unha vivenda asociada á mesma explotación.

Tamén se potencia o turismo en solo rústico, especialmente o relacionado cos Camiños de Santiago, concretando o concepto de albergues turísticos vinculados á rede dos Camiños de Santiago e estendéndose aos que se sitúen nun ámbito con declaración de ben de interese cultural; nos contornos de protección e zona de amortecemento dos Camiños que contén cunha delimitación aprobada definitivamente conforme co procedemento específico. Tamén se aplicará a aqueles que se empracen na franxa de 30 metros do solo rústico de calquera natureza, no suposto dos Camiños de Santiago que aínda non contan coa dita delimitación aprobada definitivamente.

Esta ferramenta tamén introduce unha serie de cambios a nivel administrativo e de planeamento urbanístico. As modificacións realizadas neste ámbito pretenden reforzar a seguridade xurídica, acadar unha maior simplificación administrativa así como maior axilidade e eficacia na materia.

Así, clarifícase o ámbito de aplicación do Plan básico autonómico, en vigor desde outubro do ano 2018, que será de aplicación directa nos concellos que non contan cun instrumento de planeamento xeral (PXOM, Normas complementarias e subsidiarias de planeamento municipais ou Proxecto de ordenación do Medio rural....) e de aplicación complementaria, E nos que contan cun instrumento de planeamento xeral, co fin de suplir as posibles indeterminacións e lagoas.

No eido administrativo, no caso concreto da Comisión Superior de Urbanismo, tamén se mellora a súa regulación, recollendo a posibilidade de delegación dalgún dos seus membros e modificando o seu réxime de constitución e adopción de acordos, ao establecer a posibilidade dunha segunda convocatoria, que ata agora non estaba prevista.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PRIMEIRO PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DOS PARQUES NATURAIS DO INVERNADOIRO E DE SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA

- ***Ratifícase o último acordo necesario para permitir a aplicación deste documento que regulará os usos e garantirá a conservación de ambos os parques naturais galegos nos vindeiros seis anos***
- ***Entre as novidades destaca que contará cun plan de emerxencia e de autoprotección, co fin de dotalo dunhas ferramentas de planificación propias que melloren a capacidade de resposta e facer fronte ás posibles emerxencias que puidesen presentarse***
- ***Tamén inclúen un plan de actuación con diferentes liñas de traballo para avanzar en materia de conservación da biodiversidade, paisaxe e investigación do uso público***

Os parques naturais de Serra da Enciña da Lastra e do Invernadeiro contarán este mesmo ano co seu propio e primeiro plan reitor de uso e xestión, despois de que o Consello da Xunta dese o seu visto e praxe. O seguinte paso será a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, co fin de que se proceda á entrada en vigor. Este é o primeiro PRUX de ambos os parques, un completo plan de xestión e uso que rexerá durante os vindeiros seis anos, que é froito do consenso e do traballo coordinado cos diferentes sectores e actores, que puideron expresar as súas demandas e que se tiveron en conta, polo que se trata dun documento completo que ten en conta as visións dos axentes presentes e que interveñen neste enclave natural.

Medio Ambiente defende que a aprobación de cada un dos PRUX é un claro recoñecemento ao traballo desenvolvido durante meses para dotar estes espazos naturais dunha folla de ruta na cal se detallan os obxectivos e os criterios de xestión, establecendo a normativa de protección, a regulación de aproveitamentos, a zonificación e as actuacións expostas para os próximos anos en materia de conservación, uso público, investigación e seguimento.

Unha das principais novidades que recollen ambos os PRUX é que contarán cun plan de emerxencia e de autoprotección ambiental, co obxectivo de dotalo de ferramentas de planificación propias que melloren non só a capacidade de resposta ante posibles incidentes ou sucesos, senón tamén para preservar os valores que fan destes espazos un lugar único. No caso dos plans de emerxencia, estes pretenden optimizar a utilidade dos recursos técnicos e humanos dispoñibles, co obxectivo de controlar de forma rápida a evolución da emerxencia e minimizar as posibles consecuencias. Deberán estar adaptados á normativa vixente e coordinado co resto dos plans establecidos no mesmo ámbito territorial.

Ambos os plans contan cun programa económico financeiro que estará dotado de máis de 1,5 millóns de euros para levar a cabo actividades e actuacións que garantan a mellora e a conservación destes espazos nos vindeiros anos, como o Programa de conservación da

biodiversidade, de investigación, seguimento e avaliación, de uso público e de mellora das infraestruturas.

Así, as medidas de xestión en ambos PRUX estrutúranse en tres niveis: medio físico (atmosfera, xeo, medios subterráneos, augas continentais e paisaxe), compoñentes da biodiversidade (hábitats e especies de interese para a conservación) e recursos, usos e actividades (usos agropecuarios, forestais, cinexéticos e piscícolas, urbanismo e ordenación territorial, infraestruturas e obras, uso público e actividades deportivas, recursos culturais, actividades científicas e de monitoraxe).

Un parque de montaña despoboado

O Invernadeiro é un parque de montaña despoboado, cunha superficie de 5.722 ha, e localizado ao sur do Macizo Central, entre os leitos dos ríos Ribeira Pequena e Ribeira Grande, situado na súa totalidade no concello de Vilariño de Conso.

Foi declarado como parque natural o 5 de xuño de 1997 e ten unha grande importancia ecolóxica, pola singularidade dos seus ecosistemas e hábitats, como pola súa xeomorfoloxía e paisaxe. Conta cunha gran biodiversidade, cunha gran riqueza faunística, especialmente mamíferos e aves.

Así, e en función do estado de conservación dos recursos naturais e da presenza e fragilidade de elementos físicos e bióticos, no plan de usos e xestión establécense tres zonas diferentes:

- Zona de reserva (zona I): aquelas que requiren un alto grao de protección por albergar os maiores valores naturais. Sitúase no terzo norte do parque natural, comprende o Val da Corga de Aguacenza, o Val do Figueiro e os vales de Casarello e Puxo Negro, que albergan as máis valiosas formacións de bosque autóctono do parque natural e se corresponden coas cabeceiras da bacía do Ribeira Grande. Esta zona destinarase exclusivamente a actuacións e usos directamente vinculados coa xestión, investigación, seguimento e recuperación.

- Zona de uso limitado (zona II): son as áreas en que a conservación dos seus valores naturais é compatible cun certo grao de uso do territorio. Sitúase na banda central do Parque.

- Zona de uso compatible (zona III): está formada por aquelas zonas do parque que, aínda prestando importantes valores naturais, están destinadas preferentemente ao uso e gozo da natureza polos visitantes e polos usuarios da Aula da Natureza e do Centro de Información. Esta zona caracterízase por ter a fisiografía máis accesible do parque e por ter a maior porcentaxe de superficie arborizada, fundamentalmente de coníferas.

O parque máis novo dos seis comunitarios

Serra da Enciña da Lastra acadou a súa declaración como parque natural o 3 de maio de 2002, polo que é o parque máis novo dos seis que hai na comunidade autónoma. Ten unha superficie de 3.151 ha e o seu grande interese está marcado por ser unha das escasas

zonas calcarias de Galicia e pola alta biodiversidade que acolle, xa que atopamos os aciñeirais máis extensos e mellor conservados de Galicia, mantén salgueirais mediterráneos -moi escasos no territorio galego- e conserva os únicos tomiñares da Comunidade Autónoma.

Dentro da fauna destaca a lagarta cincenta (*Psammodromus hispanicus*) moi escasa en Galicia e a comunidade de quirópteros, que inclúe algunhas especies raras e de distribución marxinal en Galicia, como o morcego mediterráneo de ferradura (*Rhinolophus euryale*), morcego das ribeiras (*Myotis daubentonii*), morcego de cova (*Miniopterus schreibersii*) ou o morcego rabudo (*Tadarida teniotis*).

As aves tamén constitúen outro dos principais valores do Parque, onde se atopan exemplares da aguia real (*Aquila chrysaetos*), de voitre branco (*Neophron percnopterus*), de falcón peregrino (*Falco peregrinus*), de bufo real (*Bubo bubo*) ou de andoriñón real (*Thachymarpis melba*), que atopan nos seus cantís rochosos e cortados fluviais o hábitat adecuado para a súa reprodución.

No caso deste parque, o Plan reitor de uso e xestión clasifica catro categorías. Así, aquelas zonas que require dun alto grao de protección por albergar os maiores valores naturais, científicos e paisaxísticos é a denominada zona de reserva (zona I). Estará destinada exclusivamente a actuacións e usos directamente vinculados coa xestión, investigación, seguimento e recuperación dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural.

A zona de uso limitado (zona II) é aquela que require dunha maior protección por albergar valores naturais de excepcional rareza, de especial interese pola súa escaseza e/ou diversidade, ou de especial fragilidade. O acceso e desprazamentos dos visitantes estarán permitidos, aínda que sometidos a certas limitacións, e poderán desenvolverse usos tradicionais con restricións específicas. Nesta área inclúense as ladeiras cubertas por aciñeirais, as tomiñeiras e pastos naturais, o río Sil, o río Galir e regachos e ribeiras fluviais.

A zona III, de uso compatible, está formada por áreas que albergan hábitats prioritarios ou de interese comunitario, hábitats de especies de interese para a conservación que forman parte dunha matriz que inclúe elementos da paisaxe agraria tradicional e cultivos forestais que se sitúan en espazos moi demandados polo uso público. Nestas zonas permítese a práctica de aproveitamentos tradicionais, así como as actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns.

Por último, a zona de uso xeral (zona IV) correspóndese co territorio do parque cun valor medio ou baixo de conservación. Inclúense nesta zona todos os núcleos rurais do espazo natural, a canteira situada na cabeceira do rego da Pereda, a central eléctrica de Cornatel, a presa de Penarrubia e as vías asfaltadas, así como as grandes áreas destinadas a uso público.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA CONSTRUIR DÚAS SENDAS PEONÍS NA ESTRADA OU-537, EN SAN CIBRAO DAS VIÑAS, E NA OU-536, NA DERRASA, NO PEREIRO DE AGUIAR

- ***O Goberno galego destinará a este actuación un investimento de máis de 970.000 euros, aos cales se suma o orzamento das expropiacións, que é duns 51.000 euros***
- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten prevista a licitación do contrato de obras no outono para a súa execución en 2020***
- ***Un dos itinerarios desenvolverase na marxe dereita da estrada OU-537, a vía dos parques empresariais, cunha lonxitude de máis de 2 quilómetros, entre a intersección coa OU-101, na Medorra, e o cruzamento coa OU-536, na Derrasa***
- ***A outra senda acometerase na marxe esquerda da OU-536, desde o punto quilométrico 7+080, á altura da ponte sobre o río Loña, ata o paso de peóns do punto 8+080, na Derrasa***
- ***As sendas irán separadas da calzada por unha cuneta de seguridade e por unha banda axardinada nalgúns tramos, segundo as necesidades de cada subtreito e executarase con formigón coloreado***
- ***Estas actuacións están enmarcadas no Plan de sendas na comarca de Ourense, que suma un total de 15 km de itinerarios***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción dun itinerario peonil e ciclista na estrada OU-537, na contorna dos parques empresariais, e outro na OU-536, na Derrasa, nos concellos de San Cibrao das Viñas e do Pereiro de Aguiar.

O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 45 predios necesarios para a execución de dous treitos de senda mixta peonil e ciclista, segura e accesible, nestas vías autonómicas.

O Goberno galego destinará a este actuación un investimento superior aos 970.000 euros, aos cales se suma o orzamento estimado para as expropiacións, que é de máis de 51.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten prevista a licitación do contrato de obras no outono para a súa execución en 2020.

O proxecto define un itinerario na marxe dereita da estrada autonómica OU-537, a vía dos parques empresariais, cunha lonxitude aproximada de máis de 2 quilómetros, entre a intersección coa OU-101, na Medorra, e a intersección coa OU-536, na Derrasa.

A outra senda proxéctase na marxe esquerda da OU-536, desde o punto quilométrico 7+080, á altura da ponte sobre o río Loña, no trazado da antiga estrada, frecuentada por peóns pola proximidade do encoro de Cachamuíña, ata o paso de peóns do punto 8+080, na Derrasa.

As sendas terán un ancho mínimo de 1,8 metros na OU-537 e de 2,5 metros na OU-536, e irán separadas da calzada por unha cuneta de seguridade e por unha banda axardinada nalgúns tramos, segundo as necesidades de cada subtreito. Executaranse con formigón coloreado.

Plan de sendas

Estas actuacións, que serán cofinanciadas con Fondos Feder 2014/2020 para o fomento da mobilidade sustentable, están enmarcadas no Plan de sendas na comarca de Ourense. Coa autorización de hoxe iníciase a tramitación para a materialización dos primeiros tres quilómetros de sendas dos máis de 15 previstos para esta bisbarra.

Este plan ten como obxectivo incrementar a seguridade de peóns e ciclistas, posto que son os usuarios máis vulnerables das estradas. Tamén busca promover unha mobilidade máis sustentable, favorecendo modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A PABLO CASAL ESPIDO COMO DIRECTOR XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL

- ***Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, era desde 2016 o secretario xeral do Igape, organismo que tamén depende da Consellería de Economía, Emprego e Industria***
- ***Con anterioridade ocupou o cargo de xerente do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), ademais de distintas responsabilidades na Administración local***
- ***Substitúe no cargo a Alfonso Marnotes, que deixou o cargo a petición propia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que nomea a Pablo Casal Espido (A Coruña, 1977) como director xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Pablo Casal, licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, é funcionario da Administración local e do Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia. Nos últimos anos, xa estaba vinculado coa Consellería de Economía, Emprego e Industria: desde 2016 exercía como secretario xeral do Igape e, anteriormente, foi xerente do Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

Entre outras responsabilidades, foi tamén secretario xeral do Concello de Burela (Lugo), secretario xeral do Consorcio para a xestión da rede básica de abastecemento de auga dos concellos de Cervo e Burela e secretario-interventor do Concello de Curtis (A Coruña).

Substitúe no cargo a Alfonso Marnotes, que deixou o cargo a petición propia en xuño deste ano e que destacou polo seu compromiso no deseño de programas de formación centrados no emprego do futuro, con programas dirixidos tanto a persoas desempregadas como ocupadas e que buscan melloras na cualificación e na atención das necesidades reais da sociedade e do tecido empresarial de Galicia.

IGNACIO LÓPEZ-CHAVES PRESIDIRÁ A COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento do ata agora delegado territorial da Xunta en Vigo en substitución de Francisco Hernández Rodríguez tras a fin do seu mandato***
- ***Licenciado en Dereito, López-Chaves foi tamén, entre outros cargos, secretario do Consello Social da Universidade de Vigo e presidente da Autoridade Portuaria desta mesma cidade***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que nomea a Ignacio López-Chaves Castro como novo presidente da Comisión Galega da Competencia, adscrita ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Delegado territorial da Xunta en Vigo desde o ano 2015, Ignacio López-Chaves é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Exerceu como avogado, secretario do Consello Social da Universidade de Vigo, profesor asociado de Dereito Civil desta mesma universidade e concelleiro de Asuntos Sociais do Concello de Vigo. Foi tamén deputado do Parlamento de Galicia e presidente da Autoridade Portuaria de Vigo.

López-Chaves substitúe no cargo a Francisco Hernández Rodríguez tras finalizar o seu mandato. Hernández, doutor en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, desenvolveu un intenso labor de defensa e promoción da competencia en Galicia, traballando a prol do benestar dos consumidores e do desenvolvemento económico.

Profesor titular de Dereito Mercantil da USC, foi investigador do Centro de Estudos de Dereito Europeo da Universidade de Harvard cunha bolsa da Fundación Barrié, e exerceu como subdirector dos servizos xurídicos da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A XUNTA NOMEA A SUSANA LENGUAS PRESIDENTA DE PORTOS DE GALICIA

- ***É enxeñeira de Camiños, Canais e Portos pola Escola Técnica Superior de Cantabria desde 1995***
- ***Está especializada en construción, organización e xestión de obras***
- ***Releva no cargo a José Juan Durán***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Susana Lenguas Gil como presidenta de Portos de Galicia en substitución de José Juan Durán. Susana Lenguas, nada en Soria en 1970, é enxeñeira de Camiños, Canais e Portos pola Escola Técnica Superior de Cantabria desde 1995 na especialidade de Construción, organización e xestión de obras.

Desde 1996 ata o 2000 ocupou postos de xefa de obra, xefa de unidade e xefa de conservación e explotación de estradas en diferentes empresas vencelladas ao eido da construción e das infraestruturas viarias. Entre o 2000 e o 2014 desempeñou o seu labor como enxeñeira de Camiños nunha empresa construtora da Coruña na que ocupou diferentes postos como xefa de obra, delegada territorial, directora de construción e directora xeral.

Entre 2014 e 2015 traballou como directora xeral adxunta da Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades do Concello da Coruña (EMVSA). Desde 2015 ata a actualidade exerce pola súa conta nos eidos da consultoría, execución de obras, asistencia técnica en direccións de obra e busca e estudo do chan para promoción inmobiliaria, entre outros aspectos.

A XUNTA ACHEGA AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE 2,32 MILLÓNS DE EUROS

- ***A asignación mantense estable respecto ao ano anterior***
- ***A Xunta contribúe así ao sostemento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das institucións autonómicas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para o financiamento do Estatuto de capitalidade desta cidade. A cantidade que a Xunta achegará ao Concello para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma e sede das institucións autonómicas ascende a 2.325.000 euros, un importe igual ao de 2017.

O 24 de xullo de 2002 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma. Establécense así os mecanismos adecuados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade.

Neste marco, realizarase unha xustificación do financiamento que consistirá na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control interno no Concello de Santiago de Compostela, da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade Autónoma de que os referidos importes derivan do establecido na Lei 4/2002 e de que estes foron destinados a financiar os gastos do Concello xurdidos como consecuencia de ser a capital de Galicia.

Deste xeito, e co obxectivo de establecer unha coordinación entre a Administración autonómica galega e o Concello de Santiago de Compostela no referido ás competencias e responsabilidade derivadas da capitalidade, creouse o Consello da Capitalidade, que ademais será o encargado da interpretación e do seguimento do cumprimento do convenio aprobado hoxe.

A fixación de Santiago de Compostela como sede das institucións autonómicas derivou na necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, co que se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e gastos do Concello motivados por este estatuto de capitalidade.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA EDAR DO GROVE DURANTE OS VINDEIROS 12 MESES PARA GARANTIR O SERVIZO ADECUADO DE DEPURACIÓN E A CALIDADE DAS AUGAS DA RÍA DE AROUSA

- ***O Goberno galego prolonga esta intervención ao longo do próximo ano, tras iniciar o mes pasado esta medida cautelar, para a que se prevé un custo de case 496.000 euros, que serán repercutidos ao Concello***
- ***A intervención do servizo remataría anticipadamente no caso de que o municipio exercite as súas competencias de prestación do servizo de depuración, asumindo de xeito efectivo a xestión e explotación da EDAR***
- ***A Xunta aplica o artigo 27.6 da Lei de augas de Galicia ante o risco de contaminación que supón a desatención, por parte do Concello, das súas obrigas de explotación da depuradora municipal***
- ***Cómpre lembrar que en 2007 o Concello do Grove solicitou a colaboración da Xunta para executar as obras de nova EDAR, comprometéndose a asumir a titularidade das instalacións unha vez rematadas e a mantelas de forma adecuada***
- ***A Xunta investiu preto de 7 millóns de euros na execución desta instalación para que o municipio exercese as súas competencias de depuración***

O Consello da Xunta de Galicia acaba de autorizar hoxe a intervención e asunción temporal por Augas de Galicia da xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais do Grove ao longo dun ano para garantir o servizo adecuado de depuración e preservar a calidade das augas da ría de Arousa.

Este trámite dálle continuidade á validación que o Goberno galego aprobou o mes pasado con relación a unha medida cautelar proposta por Augas de Galicia para atender as instalacións desta planta, ante o risco de contaminación que supón a desatención, por parte do Concello do Grove, das súas competencias no mantemento e explotación da EDAR.

Esta asunción excepcional do mantemento da EDAR por parte da Xunta de Galicia tiña un prazo dun mes e quince días e un custo de máis de 18.000 euros, que será repercutido ao Concello. Non obstante, coa autorización hoxe do Consello da Xunta, o Executivo autonómico asumirá a xestión desta infraestrutura durante os vindeiros 12 meses, cun importe de explotación que ascende a 495.635,83 euros e que tamén serán repercutidos á Administración local.

A intervención do servizo remataría anticipadamente no suposto de que o Concello do Grove exercite as súas competencias en relación coa prestación do servizo de depuración, asumindo de xeito efectivo a xestión e explotación da EDAR.

Antecedentes

A Xunta executou a depuradora no ano 2015 e unha vez rematado o período de probas, Augas de Galicia comezou as actuacións para facer efectiva a entrega destas instalacións ao Concello o pasado 1 de xuño, segundo estaba previsto e acordado con el, porén a Corporación Municipal mantivo unha total inactividade durante o período de transición.

Por esta circunstancia e ante a desatención, por parte do Concello das súas competencias municipais e cuxa actitude está a pór en risco a calidade das augas da ría de Arousa, a Xunta de Galicia vese na obriga de aplicar o artigo 27.6 da Lei de augas de Galicia e intervir temporalmente as instalacións municipais da EDAR do Grove.

Cómpre lembrar que o servizo de depuración é unha competencia municipal e que no ano 2007 o Concello do Grove solicitou a colaboración do Goberno galego para executar a nova EDAR, comprometéndose a asumir a titularidade das instalacións unha vez rematadas e a mantelas e explotalas de forma adecuada.

A Xunta investiu preto de 7 millóns de euros na execución desta instalación para que o municipio exercese as súas competencias de depuración.

A XUNTA E A FUNDACIÓN BARRIÉ REFORZAN A SÚA COLABORACIÓN PARA IMPULSAR A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO AO MERCADO

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), asinará con esta entidade un convenio dotado con máis de 1,1 millóns de euros co obxectivo de poñer en valor os resultados da investigación e favorecer o seu aproveitamento por parte do tecido empresarial***
- ***Realizarase unha análise en detalle sobre a situación da transferencia de coñecemento en Galicia e desenvolveranse diferentes programas formativos destinados a acreditar, como mínimo, 20 profesionais galegos a nivel internacional neste ámbito***
- ***Tamén se promoverá o posicionamento mundial da ciencia e dos resultados científico-tecnolóxicos xerados en Galicia***
- ***A Administración autonómica e a Fundación Barrié xa cooperan no marco do programa Ignicia, que ten permitido crear ou manter 109 empregos cualificados a través do apoio a 16 proxectos que achegan solucións ás necesidades tecnolóxicas das empresas galegas***

A Xunta de Galicia e a Fundación Barrié reforzarán a súa colaboración para impulsar a transferencia do coñecemento ao mercado, poñendo en valor os resultados da investigación e favorecendo o seu aproveitamento por parte do tecido empresarial, o que redundará no desenvolvemento económico e social de Galicia. Será mediante un convenio de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta, cunha dotación orzamentaria de máis de 1,1 millóns de euros, dos cales a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), achega 900.000 euros.

Refórzase así o traballo conxunto entre Gain e a Fundación Barrié no ámbito da transferencia de coñecemento, un eido no cal xa colaboran no marco do programa Ignicia, que ten permitido crear ou manter 109 empregos cualificados a través do apoio a 16 proxectos que achegan solucións ás necesidades tecnolóxicas das empresas galegas.

Entre os obxectivos da nova colaboración da Xunta coa fundación, que conta cunha ampla experiencia neste eido, atópase incrementar o número de operacións de valorización de resultados, así como o seu retorno económico, tanto mediante a licenza das tecnoloxías como da creación de novas empresas *spin offs*; a formación e acreditación de profesionais neste ámbito; e a busca de novas formulas que favorezan o aproveitamento por parte do tecido produtivo dos resultados da investigación para a creación de valor. Tamén se promoverá o posicionamento internacional da ciencia e dos resultados científico-tecnolóxicos xerados en Galicia mediante a internacionalización do proceso de transferencia.

As actuacións do convenio autorizado hoxe, que se desenvolverán ata finais de 2021, céntranse en dous eixos fundamentais: a visión estratéxica do ecosistema de coñecemento e o fortalecemento do sistema de transferencia.

Así, dunha banda, poñeranse en marcha distintas medidas encamiñadas a analizar en detalle a situación da transferencia de coñecemento en Galicia e a identificar e dar a coñecer referentes de boas prácticas a nivel nacional e internacional.

Por outra banda, desenvolveranse diferentes programas formativos destinados a formar e acreditar profesionais no ámbito da transferencia de tecnoloxía, facilitando ademais a asistencia a cursos de formación internacionais e estancias formativas en centros de referencia mundial.

Así, poñerase en marcha unha formación e adestramento na que participarán arredor de 150 investigadores postdoctorais de todo o ecosistema de I+D+i en competencias transversais para a transferencia de tecnoloxía e comercialización. Tamén se levarán a cabo durante estes tres anos programas de adestramento e capacitación doutros 50 profesionais xestores de transferencia de tecnoloxía júnior e sénior co obxectivo de conseguir que polo menos 20 se acrediten a nivel internacional co estándar RTTP (Profesional rexistrado de transferencia de tecnoloxía, nas súas siglas en inglés).

Xeración e captación de talento

A posta en marcha desta colaboración enmárcase tanto na estratexia de especialización Intelixente de Galicia (RIS3), que recolle un conxunto de actuacións para fomentar a transferencia de coñecemento e de resultados de investigación desde os centros científicos e tecnolóxicos galegos ao mercado, como no Plan Galicia Innova 2020.

No marco deste plan, a Xunta prevé mobilizar 46,8 millóns de euros a través de diversas iniciativas vencelladas á xeración, captación e retorno de talento a Galicia, con programas como o Oportunius, centrado en captar investigadores excelentes ERC; Principia, que ten permitido a incorporación de 362 profesionais menores de 35 anos en 158 entidades; Ignicia ou o programa Talento Sénior, que facilitou xa a incorporación de 10 profesionais de alta cualificación a seis empresas e dous centros tecnolóxicos –a segunda convocatoria desta iniciativa permanece aberta ata o vindeiro 11 de agosto–.

A XUNTA FOMENTA O COÑECEMENTO DO GALEGO NO REINO UNIDO, CROACIA E ESTREMADURA CUN INVESTIMENTO DE 80.000 EUROS

- ***Ao abeiro de tres convenios de colaboración coas universidades de Bangor, Zadar e Extremadura, ofertaranse materias optativas e de libre elección para os alumnos ata o 2022***
- ***Na actualidade o galego é obxecto de estudo en 35 universidades internacionais***

A Consellería de Cultura e Turismo renovará a súa colaboración coas universidades de Zadar (Croacia), Bangor (Reino Unido) e Extremadura para promocionar a lingua, literatura e cultura galegas no ámbito académico destes centros, así como na súa área de influencia a través de tres convenios que se estenderán ata o 2022 e que suman un investimento de preto de 80.000 euros.

En virtude deste acordo, no caso da Universidade de Bangor, ofertarase, para o segundo curso da titulación de Estudos Hispánicos, unha materia anual obrigatoria de lingua galega e unha opcional sobre a historia do galeguismo, máis unha materia opcional en cuarto curso sobre literatura e cultura contemporánea galegas. Este convenio terá vixencia ata o 31 de agosto de 2022 por un importe que supera os 62.000 euros.

No que respecta á Universidade de Zadar, a actividade docente traducirase en ofertar, con carácter obrigatorio, para os estudantes do grao de Filoloxía Hispánica e de libre elección para o resto de alumnos, as materias de lingua galega I a VI, semestrais e cunha carga lectiva de catro horas semanais; así como a asignatura literatura galega I, II e III, optativa para os estudantes do máster de Filoloxía Hispánica e de libre elección para o resto do estudantado, semestral e de dúas horas á semana. A achega da Consellería de Cultura e Turismo para esta universidade é de 12.000 euros ata o 30 de setembro de 2022.

Pola súa banda, a Universidade de Extremadura recollerá no seu plan de estudos as materias de historia e cultura galegas, optativa para o 3º curso de Linguas e Literaturas Modernas, Filoloxía Clásica e Filoloxía Hispánica; e lingua galega I e II e cultura e literatura galegas, ofertadas a todos os alumnos a través do Instituto de Linguas Modernas. O convenio con esta universidade estipula unha achega de 6.000 euros ata o 31 de agosto do 2022.

A maiores destas materias, as tres universidades organizarán actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos etc. Ademais, durante a vixencia de cada un dos convenios, acollerán ao/á lector/a de lingua, literatura e cultura galegas, que destinará a Xunta de Galicia e adquirirán o material preciso para realizar as ditas accións.

Ademais da achega económica, a Consellería de Cultura e Turismo prestará a orientación e o apoio pedagóxico e didáctico que demanden as universidades e difundirá as actividades desenvolvidas ao abeiro deste acordo. Cómpre destacar que, dentro destas tres

universidades, o Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación do convenio.

A lingua galega, presente en 35 universidades

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades internacionais. Dentro delas, 27 contan con lectores –licenciados en Filoloxía Galega–, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades fóra da Comunidade é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

A XUNTA REFORZA ATA 2022 A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PALAS DE REI PARA AS VISITAS TURÍSTICAS AO CASTELO DE PAMBRE

- ***O Consello autoriza un convenio entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello lucense para a apertura deste ben de interese cultural seis días á semana***

O Consello da Xunta de Galicia acaba de autorizar hoxe a subscripción dun convenio entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Palas de Rei que estende ata 2022 a colaboración para a apertura e visitas públicas ao Castelo do Pambre, reforzando así o potencial cultural e patrimonial do Camiño Francés e garantindo o coñecemento e a divulgación dun dos preto de 700 bens de interese turístico con que conta Galicia.

O castelo, unha das poucas fortalezas de arquitectura militar do medievo galego que se conservou tras a Revolta Irmandiña, foi adquirido en 2017 por contrato de compravenda pola Xunta de Galicia e quedan adscrito á Consellería de Cultura e Turismo.

O Goberno galego realizou nos últimos anos un investimento superior a 2 millóns de euros para rehabilitar esta infraestrutura con intervencións arqueolóxicas, recuperación de estruturas murais, mellora de accesos, así como actuacións de seguridade e divulgación.

O convenio asinado hoxe permitirá que a Xunta garanta ata o ano 2022 as visitas a este recinto e autoriza ao Concello de Palas de Rei á xestión da apertura do inmovible para permitir estas visitas. Tamén permitirá ao Concello incluír dentro do recinto do castelo unha oficina de vixilancia, información e guía de visitas que xestionará integramente o concello.

En virtude deste acordo, o Castelo de Pambre abrirá en verán –entre o 1 de abril e o 31 de outubro– de martes a domingo de 11,00 a 14,00 horas e de 16,00 a 20,00 horas. No horario de inverno –do 1 de novembro a 31 de decembro–, o castelo poderá visitarse de martes a domingo de 12,00 a 17,30 horas.

A Consellería de Cultura e Turismo contribúe así a conservar e divulgar un dos principais recursos turísticos e patrimoniais de Galicia e do Camiño Francés, o itinerario máis transitado que o ano pasado foi percorrido polo 56% dos peregrinos que chegaron a Santiago de Compostela.

Ás portas do vindeiro Xacobeo 21, e cumprindo os obxectivos do Plan director do Camiño de Santiago –a folia de ruta do Goberno galego para a xestión e divulgación da Ruta Xacobeá–, o Goberno galego continúa avanzando para velar por que os peregrinos vivan unha experiencia cultural de alto interese en Galicia.

O PLAN GALEGO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO AUMENTARÁ O NÚMERO DE EQUIPOS UN 33% EN CINCO ANOS CON 45 PROFESIONAIS MÁIS

- ***Contará cun orzamento de máis de dous millóns e medio de euros e pretende potenciar e consolidar esta modalidade asistencial, que chegará ao 100% dos galegos os 365 días do ano***
- ***Este tipo de atención, da que na actualidade beneficiábase anualmente máis 6.000 galegos, é un dos servizos mellor valorados polos pacientes, xa que repercute de xeito positivo na súa calidade de vida e proporciona unha atención experta, segura e de calidade***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Plan Galego de Hospitalización a Domicilio: estratexia 2019-2023, presentado polo conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña. Entre as novidades do Plan destaca o aumento progresivo do número de equipos, que pasarán dos 45 actuais ata acadar os 60, o que supón un crecemento do 33%. Para isto, a dotación de recursos humanos en hospitalización a domicilio vai aumentar en 45 profesionais, con 15 médicos e 30 profesionais de enfermería.

O Plan vaise desenvolver nos vindeiros cinco anos, ata 2023. O orzamento total do Plan aprobado hoxe é de 2.513.885 € dos que 2.378.885 van destinados a gastos de recursos humanos.

O Plan aposta pola equidade na asistencia prestada polas unidades de hospitalización a domicilio (HADO) coa ampliación da mesma, de xeito progresivo, ao 100% da poboación durante os 365 días do ano, que inclúe festivos e fins de semana. É dicir, garántese a equidade na oferta deste tipo de atención domiciliaria.

A HADO é unha das liñas estratéxicas do Servizo Galego de Saúde na medida en que é capaz de proporcionar aos pacientes unha asistencia sanitaria experta, segura e eficiente no ámbito domiciliario. Coa posta en marcha do Plan galego de hospitalización a domicilio, o Sergas pretende potenciar e consolidar esta modalidade asistencial, establecendo criterios homoxéneos de atención na hospitalización a domicilio. Na actualidade son máis de 6.000 pacientes galegos os que reciben atención de calidade hospitalaria nos seus fogares anualmente.

O resto do orzamento vaise destinar para a dotación de equipamento sanitario e para aumentar a flota con 15 novos vehículos. Cómpre subliñar que os vehículos serán automóviles con combustibles menos contaminantes ou vehículos eléctricos. Para estes últimos vanse crear nos hospitais zonas de recarga con paneis fotovoltaicos financiados con fondos europeos de eficiencia enerxética co apoio do Instituto enerxético de Galicia.

Este Plan galego de hospitalización a domicilio resúmese en seis eixos estratéxicos: o establecemento dos modelos asistenciais da HADO, a organización asistencial, a definición

da carteira de servizos, a homoxeneización da rede asistencial, o desenvolvemento de sistemas de información e a promoción da formación e a investigación.

A hospitalización a domicilio é un dos servizos mellor valorados polos pacientes do Servizo Galego de Saúde e as súas familias. Proporciona os coidados de rango hospitalario necesarios no domicilio do paciente e por iso repercute positivamente tanto no desenvolvemento da enfermidade como na calidade de vida do paciente. Ademais, diminúese as complicacións relacionadas coa asistencia sanitaria.

Potenciar esta modalidade asistencial beneficia, tanto ao paciente atendido no seu domicilio como ao conxunto da poboación galega, dado que diminúe o número de pacientes ingresados nas plantas hospitalarias e nas urgencias.

En Galicia, o envellecemento da poboación e a atención á cronicidade, fai que a demanda asistencial sexa cada maior. Neste contexto é necesario incrementar os procesos ambulatorios e proporcionar asistencia domiciliaria aos pacientes.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 13 MILLÓNS DE EUROS A ADQUIRIR MATERIAL DE INCONTINENCIA URINARIA PARA HOSPITAIS DO SERGAS E RESIDENCIAS SOCIOSANITARIAS

- ***Os máis beneficiados coa compra deste material son os pacientes ingresados nas residencias sociosanitarias***
- ***O departamento sanitario distribuirá directamente estes produtos a 204 residencias, beneficiando a máis de 12.000 doentes atendidos nestes centros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación para a subministración sucesiva de material de incontinencia urinaria con destino ao coidado de pacientes nos centros hospitalarios dependentes do Sergas e nas residencias sociosanitarias de Galicia. O importe total da licitación é de 13.195.084 euros e ten un valor estimado de 28,7 millóns. A adquisición deste material suporá un incremento estimado do gasto anual de 302.405 euros, o que representa un 4,8% máis. Aínda así, a compra centralizada e a subministración directa van permitir un aforro de 200.000 euros nesta licitación.

Os máis beneficiados coa compra deste material son os pacientes ingresados nas residencias sociosanitarias de Galicia con problemas de incontinencia e, en menor proporción, os pacientes ingresados nos centros hospitalarios. Así, o número de residencias sociosanitarias que recibirán este material é de 204 e o número estimado de pacientes que se beneficiarán da subministración directa de absorbentes para a incontinencia atendidos nestes centros sociosanitarios supera os 12.000. Subliñar que o consumo anual de absorbentes nestas residencias suma preto de 19.000.000 de unidades, o que representa o 86% do total dos absorbentes que se adquiren.

Estes produtos serán dispensados directamente polo Sergas a través do seu sistema loxístico de distribución aos centros.

Esta nova contratación componse de 9 lotes e inclúe absorbentes anatómicos desbotables de distintos tipos e tallas e empapadores ou traveseiros de camas de distintos tamaños. Como novidade, adquiriranse produtos con deseños que proporcionan un maior confort ao paciente e máis discretos.

Subliñar que este material para incontinencia urinaria ten unha finalidade máis terapéutica que paliativa, repercute de xeito importante no benestar material e psicolóxico das persoas que teñen este problema de saúde e procura, en definitiva, unha maior calidade de vida aos pacientes.

Esta medida enmárcase dentro do conxunto de actuacións postas en marcha no Sergas para a mellora continua da calidade asistencial e da sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

A XUNTA DE GALICIA AUMENTA UN 5% O INVESTIMENTO NO NOVO CONTRATO DO SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO ATA ACADAR OS 7,2 MILLÓNS DE EUROS

- ***A nova proposta, que terá unha duración de dous anos prorrogable ata cinco, inclúe un total de 5,5 millóns de quilómetros, un 10% máis que os que se realizaron en 2018 en cada unha das áreas territoriais***
- ***Esíxense como mínimo 54 vehículos adaptados, 3 máis que no contrato vixente***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo de transporte adaptado gratuíto para persoas con discapacidade, coñecido como o 065, unha vez que o actual vencerá en febreiro do ano que vén. O novo contrato terá unha duración de dous anos, prorrogable ata cinco, e un orzamento de licitación de 7,2 millóns de euros anuais. Deste xeito, o investimento da Xunta de Galicia en garantir os desprazamentos das persoas con discapacidade ata 2025 ascenderá a 36 millóns de euros.

O novo acordo eleva o investimento nun 5% con respecto ao que leva en vigor desde 2017 e mantén a división do servizo en oito lotes, como ata agora. Estes lotes correspóndense coas seguintes áreas territoriais: A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, A Mariña, Ourense, Pontevedra e Vigo. Ademais, inclúe un 10% máis de quilómetros que os que se realizaron en 2018 en cada unha destas áreas territoriais, de tal maneira que os vehículos deste servizo percorreren en total 5,5 millóns de quilómetros.

Para cubrir este incremento de circulación esíxiranse como mínimo 54 vehículos adaptados, tres máis que no contrato vixente, e estes poden ser de dúas categorías: máis de cinco prazas ou máis de nove. Así mesmo, os vehículos non poderán ter máis de nove anos de antigüidade cando comece a contratación e non poderán superar os 11 en ningún momento.

Á hora da adxudicación valoraranse aspectos como o prezo, a capacidade do servizo, as melloras propostas ou a calidade dos plans de continxencia. Tamén se outorgará unha puntuación extra ás empresas que contén cun mínimo dun 20% de condutoras.

No ano 2018, o 065 tivo 6160 persoas usuarias, un 6% máis que o ano anterior, e realizáronse un total de 50.000 viaxes. Este servizo está a disposición das persoas con discapacidade para que poidan desprazarse a un centro de servizos sociais; asistir a rehabilitación, terapia ou coidado persoal; ir a un centro sanitario ou educativo; ou desprazarse para facer algún tipo de xestión ante a Administración.

A XUNTA DE GALICIA APROBA UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA CREAR 15 NOVAS CASAS NIÑO EN CONTORNAS RURAIS

- **Sumaranse ás 61 que xa están en funcionamento, polo que en 2020 haberá en Galicia 76 recursos deste tipo en servizo**
- **Unha das novidades con respecto ás anteriores ordes de axuda é que o primeiro ano anticiparase o 100% da achega que corresponda pola atención educativa**
- **Todas as nenas e nenos que acoden ás casas niño deberán ter as vacinas ao día**

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria de axudas para a creación de 15 novas casas niño que ofrecerán en total 75 prazas de atención á primeira infancia en contornas rurais. Deste xeito, o Goberno galego segue a ampliar esta rede de recursos de conciliación, formada a día de hoxe por 61 casas niño xa en funcionamento que poñen gratuitamente a disposición das familias 305 prazas para nenas e nenos de 0 a 3 anos.

O obxectivo é que Galicia remate a década con 76 equipamentos deste tipo en servizo, para o que destina a esta nova orde de axudas –a cuarta desde a implantación do programa en 2016- máis de 1,1 millóns de euros. A convocatoria diríxese especialmente aos 36 concellos galegos de menos de 5000 habitantes que aínda non contan con ningún recurso de conciliación.

O programa de casas niño deste ano conta con importantes novidades con respecto ao anterior. A principal é o incremento da contía do anticipo por atención educativa que reciben as persoas promotoras do recurso no primeiro ano, que pasa do 35% ao 100% da subvención que lles corresponda. Para as sucesivas anualidades, o anticipo sube do 35% ao 75% para todas as casas niño, tanto as de nova creación como as que xa están en marcha.

Ademais, de acordo co criterio que se comezará a aplicar a partir do curso que vén nas escolas infantís públicas, todas as nenas e nenos que acoden ás casas niño deberán ter as vacinas ao día. E unha terceira novidade desta convocatoria é que no caso de que a demanda de prazas supere a oferta –cada casa niño pode atender a un máximo de cinco nenas e nenos- teranse en conta as circunstancias laborais, académicas e a situación familiar do fogar, primando ás familias monoparentais e ás numerosas.

Contía das subvencións

As axudas para reformar o centro para prestar o servizo serán dun máximo de 15.000 euros por casa niño e a achega para a atención educativa ascenderá a 19.600 euros ao ano.

Poderán converterse en persoas promotoras dunha casa niño aquelas que vivan nun núcleo rural no que non exista ningún recurso de atención continuada á infancia dos 0 aos 3 anos, conten cun inmovible que cumpra coas condicións que se marcan na convocatoria, dispoñan dun plan de actuación para emerxencias e teñan unha titulación relacionada coa educación infantil, ou ben formación ou experiencia neste ámbito.

Aposta pola conciliación

Con esta nova convocatoria de axudas para a creación de casas niño, o Goberno galego continua a mellorar os recursos de conciliación, tanto no eido urbano como no rural. Un compromiso coas familias que se pon de manifesto nas máis de 25.000 prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos, o dobre que hai nove anos; coas liñas de axudas para a apertura de escolas infantís en polígonos industriais e outras contornas laborais como confrarías e asociacións de cooperativas agrarias; e coa posta en marcha de prestacións como o Bono concilia, o Bono coidado ou a Tarxeta Benvida.